

IX TRAIL DAS BESTAS

Muras · 8 de novembro de 2026 · Área Recreativa A Veiga · Muras (Lugo)

 **5 Modalidades · 43K a 8K**

 **Concello de Muras**

 **traildasbestas.gal**

Serra do Xistral · Montaña · Néboa · Pedra · Toxos · Aventura





**TRAIL DAS
BESTAS
MURAS**

MARATÓN (43 KM +2.100M D+)	TRAIL CLASSIC 27 KM +1.400 M D+)
TRAIL CURTO 15 KM +700 M D+)	MINI TRAIL 8 KM +350 M D+)
ANDAINA 8 KM +350 M D+)	

08 NOV 2026
www.traildasbestas.gal

Organiza Colabora







CINCO FORMAS DE VIVIR AS BESTAS

Escolle a túa distancia. Cada modalidade é un reto diferente no mesmo territorio salvaxe.

MARATÓN 43K

43 km · +2.100 m D+

26 € · 75 prazas

TRAIL CLASSIC 27K

27 km · +1.400 m D+

22 € · 150 prazas

TRAIL CURTO 14K

14 km · +700 m D+

20 € · 150 prazas

MINI TRAIL 8K

8 km · +350 m D+

13 € · 150 prazas

ANDAINA 8K

8 km · +350 m D+

13 € · 75 prazas · Non competitiva

  **LÍMITE GLOBAL: 600 PARTICIPANTES** — A organización poderá redistribuír prazas entre modalidades segundo a demanda, mantendo sempre o límite máximo global establecido.

600

Participantes máx.

43K

Distancia máxima

2.100 m

Desnivel máx. D+

5

Modalidades

UNHA MAÑÁ, CINCO SAÍDAS

Cronograma oficial do día da proba · **Domingo 8 de novembro de 2026**



07:30 — Apertura da secretaría

Recollida de dorsais exclusivamente o día da proba

1

2



08:30 — SAÍDA MARATÓN 43K

Peche de dorsais: 08:15 · 43 km · +2.100 m D+

3



10:00 — SAÍDA TRAIL CLASSIC 27K

Peche de dorsais: 09:45 · 27 km · +1.400 m D+

4



10:30 — SAÍDA TRAIL CURTO 14K

Peche de dorsais: 10:15 · 14 km · +700 m D+

5



11:00 — SAÍDA MINI TRAIL 8K

Peche de dorsais: 10:45 · 8 km · +350 m D+

6



11:10 — SAÍDA ANDAINA 8K

Peche de dorsais: 10:55 · 8 km · +350 m D+ · Non competitiva

July 17

Peches de inscricións

4 de novembro · 23:59 h



Cesións e cambios

Ata o 28 de outubro · 23:59 h



Cámara de chamadas

Pecha 5 minutos antes de cada saída

TODO O ESENCIAL, DUNHA OLLADA

Idades mínimas

Mini Trail 8K

14 anos

Trail Curto 14K

16 anos *

Trail Classic 27K

18 anos

Maratón 43K

18 anos

Andaina 8K

Menores acompañados por adulto responsable con autorización

* Idade mínima do Trail Curto 14K pendente de validación definitiva pola Federación Galega de Atletismo.

Inscricións

-  Prezo único durante todo o período, sen suplementos por condición federativa
-  Peche: 4 de novembro ás 23:59 h
-  A baixa voluntaria, non presentación ou imposibilidade persoal non dá dereito á devolución

Cesións e cambios de modalidade

-  Ata o 28 de outubro ás 23:59 h, condicionados á existencia de prazas
-  No cambio de modalidade, o importe final deberá coincidir co prezo oficial da nova modalidade

Incluído coa inscrición

1

Dorsal e cronometraxe



Seguro



Asistencia sanitaria



Avituallamentos



Dispositivo GPS de seguimento da organización (43K e 27K)



Bolsa do corredor



Fotografías oficiais

As fotografías oficiais serán publicadas posteriormente. Non se garante fotografía individual de cada participante.

Normativa aplicable

O IX Trail das Bestas rexerase polo presente regulamento particular e pola normativa oficial vixente da Federación Galega de Atletismo que resulte de aplicación. En todo aquilo non recollido expresamente neste regulamento será de aplicación a normativa federativa correspondente.

PREPARADOS PARA O XISTRAL

⚠️ ⚠️ A organización poderá modificar ou ampliar o material obrigatorio antes da proba cando as condicións meteorolóxicas, o estado do terreo ou razóns de seguridade así o aconsellen.

	43K	27K	14K	Mini 8K	Andaina 8K
💧 Hidratación	1 L ✓	1 L ✓	0,5 L ✓	Rec.	Rec.
🔥 Manta térmica	✓	✓	✓	—	—
📱 Teléfono móbil	✓	✓	✓	Rec.	Rec.
📶 GPS organización	✓	✓	—	—	—
👕 Roupa axeitada	—	—	—	—	Rec.

✓ Obrigatorio · Rec. Recomendado · — Non aplicable

🚚 Seguridade

- A organización disporá dun dispositivo de seguridade, comunicación e asistencia sanitaria adaptado ás características da proba
- As persoas participantes deberán cumprir en todo momento as indicacións da organización, dirección de carreira e persoal sanitario
- ❤️ A seguridade das persoas participantes prevalece sobre o resultado deportivo

En materia de seguridade deportiva será de aplicación a normativa federativa vixente.

CATEGORÍAS E TROFEOS

XERAL

3 primeiros homes · 3
primeiras mulleres

SÉNIOR

Ata 34 anos

3 primeiros homes · 3
primeiras mulleres

MÁSTER 1

35–49 anos

3 primeiros homes · 3
primeiras mulleres

MÁSTER 2

50 anos ou máis

3 primeiros homes · 3 primeiras mulleres

ANDAINA

Sen clasificación nin premios deportivos

  **PREMIOS NON ACUMULATIVOS:** As persoas premiadas na clasificación xeral non computarán para os premios da súa categoría por idade.

Normas clave da carreira

- Seguir o itinerario oficial · Prohibido recortar ou utilizar atallos
-  Dorsal sempre visible · Respetar controis e tempos de corte
-  Portar o dispositivo GPS da organización cando corresponda (43K e 27K)
- Atender en todo momento as indicacións da organización
- As infraccións, penalizacións, descualificacións e reclamacións rexeranse pola normativa federativa aplicable, sen prexuízo das condicións particulares deste regulamento

Medio natural

O Trail das Bestas celébrase nun contorno natural de especial valor. As persoas participantes deberán respectar o medio, a fauna, o gando, a vexetación, as propiedades e os elementos existentes ao longo do percorrido.

En materia ambiental e comportamento no medio natural será de aplicación a normativa federativa vixente.

Estas categorías son propias dos premios do Trail das Bestas e non substitúen as categorías federativas oficiais.

UN REGULAMENTO PENSADO PARA A MONTAÑA

Abandono e evacuación

- Toda persoa que abandone deberá comunicalo á organización, preferentemente nun punto de control, avituallamento ou mediante o procedemento indicado pola dirección de carreira
-  A evacuación dunha persoa retirada non implica necesariamente o seu traslado inmediato á meta. Os tempos dependerán da súa localización, accesibilidade e das prioridades do dispositivo de seguridade
-  A organización poderá retirar a unha persoa por estado físico, tempos de corte, meteoroloxía ou risco

Meteoroloxía e seguridade

As condicións meteorolóxicas na Serra do Xistral poden variar rapidamente. Por razóns de seguridade, a organización poderá modificar o material obrigatorio, horarios, percorridos ou adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas participantes. Estas medidas poderán incluír a modificación, neutralización, redución, interrupción ou suspensión total ou parcial da proba.

Resultados

As clasificacións elaboraranse mediante o sistema de cronometraxe e os puntos de control establecidos pola organización, podendo utilizarse tamén a información dos dispositivos GPS de seguimento.

As penalizacións, descualificacións e reclamacións rexeranse pola normativa federativa aplicable.

Protección de datos e imaxe

- Os datos persoais facilitados durante a inscrición serán tratados para a xestión da participación, seguros, cronometraxe, resultados e comunicacións relacionadas coa proba, conforme á normativa aplicable
-  Durante o evento poderán realizarse fotografías e gravacións audiovisuais con fins informativos, deportivos e promocionais relacionados coa proba, conforme á normativa aplicable
-  A formalización da inscrición implica a aceptación do presente regulamento e da normativa aplicable, así como a declaración da persoa participante de atoparse nas condicións físicas e técnicas adecuadas para afrontar a modalidade elixida

Web oficial

traildasbestas.gal

Correo

info@traildasbestas.gal

Teléfono

+34 644 567 614

Organiza

Concello de Muras